

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 4 de xuño de 2024 pola que se autoriza a apertura e funcionamento do CPR Nortempo Formación, de Vigo (Pontevedra).

A titularidade do centro privado (CPR) Nortempo Formación, de Vigo, solicita a autorización de apertura e funcionamento para impartir o ciclo formativo de grao superior CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma e o CS Desenvolvemento de aplicacións web.

Logo de tramitar o expediente de acordo co establecido no Decreto 133/1995, do 10 de maio, de autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e coa Orde do 20 de setembro de 1995 que o desenvolve, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Autorización de ensinanzas*

Autorizar a apertura e funcionamento do centro privado que se sinala a seguir:

Denominación xenérica: centro privado (CPR) .

Denominación específica: Nortempo Formación.

Código do centro: 36025244.

Domicilio: rúa Ourense, 2.

Localidade: Vigo.

Concello: Vigo.

Código postal: 36211.

Provincia: Pontevedra.

Titular: NT for Learning, S.L.

– Ensinanzas que se autorizan:

Réxime ordinario, modalidade presencial

• CS Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (2 unidades para 20 postos escolares/unidade).



- CS Desenvolvemento de aplicacións web (2 unidades para 20 postos escolares/unidade).

Artigo 2. *Inicio da actividade*

Para a posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Dirección Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de Pontevedra, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento axeitado

Artigo 3. *Inscripción no Rexistro de Centros*

Esta orde dará lugar á correspondente inscrición no Rexistro de Centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Revisión da autorización*

O centro queda obrigado ao cumprimento da normativa vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que se sinalan nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

